



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA DAVID BUJÁN



IES David Buján
Cambre

IES David Buján

Proxecto lingüístico de centro 2023/2027

Xuño 2023

Índice

INTRODUCCIÓN.....	3
1. MARCO LEGAL DE REFERENCIA.....	3
2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	5
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	7
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	9
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO.....	11
6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E NO BACHARELATO.....	15
7. PROCEDIMENTOS PARA ASEGURAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS PARA O ALUMNADO DA ESA.....	15
8. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA A COMPETENCIA DE FORMA ORAL E ESCRITA NAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.....	15

INTRODUCCIÓN

O deseño dun proxecto lingüístico de centro significa facer público un compromiso cun ensino que garanta a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais, ademais da adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras. Este documento de planificación lingüística trata de detallar o camiño que debe seguir o noso centro para alcanzar os obxectivos marcados pola lexislación vixente (*Lei de Normalización Lingüística e Decreto 79/2010*, principalmente). Destes obxectivos nace a necesidade de adoptar unha serie de medidas orientadas á promoción da lingua galega, pois tendo en conta a nosa situación sociolingüística de partida (que se explicitará máis abaixo), onde se aprecia unha situación de desequilibrio a favor do castelán, precisamos dun modelo de planificación lingüística de tipo compensatorio que coadxuve á recuperación de usos da lingua galega.

Somos conscientes de que unha planificación lingüística de tal importancia debe ser meditada, debatida e consensuada polo conxunto da comunidade educativa para acadar un compromiso real; o éxito do Proxecto vai depender da implicación, do compromiso e a colaboración de todos os seus axentes.

Sería unha mágoa perder esta oportunidade porque estamos convencidos de que o plurilingüismo debe ser unha aspiración para todas as persoas, non só para os falantes de linguas minorizadas, e tamén de que unha mellora na competencia comunicativa en xeral ten efectos positivos sobre o desenvolvemento educativo e o rendemento escolar do alumnado, como o demostran investigacións recentes. Pero ademais sería unha mágoa perder esta oportunidade porque somos conscientes de que estamos nun momento crucial no proceso de recuperación da lingua propia.

O Proxecto lingüístico de centro ten unha vixencia de catro anos académicos. Anualmente, ao inicio de curso escolar, deberase elaborar unha addenda onde figuren as posibles modificacións na impartición de materias en linguas estranxeiras e información dos cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería.

Un Proxecto como o que se presenta deberá contar cun protocolo de avaliación que permitirá un seguimento das accións levadas a cabo para unha posible reformulación das medidas tomadas ou estratexias adoptadas. Consideramos que a dita avaliación debe enfocarse nun sentido amplo e que debe afectar a todas as etapas da intervención (diagnóstico da situación, obxectivos concretos, medidas, temporalización...).

1. MARCO LEGAL DE REFERENCIA

Constitución Española

O artigo 3 da Constitución Española establece, no punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. Sinala tamén que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Estatuto de Autonomía de Galicia

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992

A Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, aborda o mesmo asunto desde unha perspectiva máis global.

Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece entre os seus obxectivos, conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

A lexislación xeral do Estado en materia educativa establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

Decreto 79 / 2010, do 20 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Este decreto regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo na Comunidade autónoma de Galicia. Ten como obxectivo garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais, acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s) e promover a dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este

Esta instrución, emanada da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o 31 de xullo de 2013, reflicte as sentenzas ditadas a respecto do Decreto 79/2010 e indica o seguinte: *O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.*

2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O número de alumnos/as no IES David Buján oscila todos os cursos académicos arredor de catrocentos (repartidos entre as ensinanzas de ESO e bacharelato), procedentes do concello de Cambre e doutros limítrofes. A situación sociolingüística do centro é equiparable á dos restantes centros educativos de concellos cuxo carácter rural vai desaparecendo.

ALUMNADO

Prevalece no centro o alumnado falante de castelán cun coñecemento pasivo da lingua galega polo seu carácter parcialmente ambiental. É excepcional a presenza de alumnado galego falante, con algúns casos en que, como medida de defensa ou reacción á presión ambiental, o alumnado decide ocultar a súa lingua habitual. No alumnado, a porcentaxe de utilización do galego baixa con respecto aos seus pais, é dicir, hai un abandono na transmisión xeracional nas familias. Aínda así, unha maioría entende o galego, pero só unha minoría o emprega de xeito espontáneo no centro. Percíbese un proceso de abandono do galego, que diminúe o nivel de competencia real no uso da lingua. No que ás linguas estranxeiras se refire, ofrécense o francés e o inglés como 1ª lingua estranxeira e o inglés, francés e portugués como 2ª lingua estranxeira en todos os niveis de ESO e bacharelato.

Unha breve análise dos datos do curso 2022/2023 indica que máis do 95% da totalidade do alumnado escolle o inglés como 1ª lingua estranxeira. En 1º e 2º de ESO, cando a 2ª lingua estranxeira é unha materia obrigatoria, as opcións escollidas son francés (54%) e portugués (45%). En 3º e 4º de ESO, cursa unha 2ª lingua estranxeira o alumnado que escolleu francés ou portugués como materia optativa, que representou o 28% do alumnado en 3º de ESO; sen que a materia de 2ª lingua estranxeira tivese matrícula en 4º. No bacharelato, un 19% do estudantado cursou a materia de 2ª lingua estranxeira. Estes datos, xunto coa alta porcentaxe que desexa cursar as seccións bilingües (arredor dun 25% na ESO), mostran que tanto as familias como o alumnado consideran a formación nestas linguas unha opción importante.

En canto ao grao de partida e utilización real das linguas estranxeiras, a situación é similar en todas elas. No referido ao inglés, malia haber algunhas familias con historias migratorias

desde contextos anglófonos, a gran maioría do alumnado que está a cursar inglés procede dun contorno familiar en que esta lingua non é a vehicular. Pese a estar presente en moitos ámbitos da vida dos nosos estudantes, non todos parecen estar en disposición de extrapolar as vantaxes ofrecidas polos medios de cara a mellorar as súas competencias á hora dunha comunicación real efectiva. De aí que o punto de partida sexa, ás veces -máis das desexadas-, o mínimo.

No caso do francés, partimos dun contorno en que o alumnado non ten contacto con esta lingua en ningún aspecto da súa vida e son poucos os casos de familias retornadas de Francia, Suíza ou outros países francófonos. Polo tanto, nas clases de 1º ESO, os coñecementos de partida son absolutamente inexistentes e debemos comezar de cero.

No tocante ao portugués, coa excepción dos poucos casos en que o alumnado procede dunha familia lusófona, o alumnado tampouco adoita contar cun contacto previo coa lingua. Porén, a proximidade entre o portugués e o galego permite que o estudantado logre superar sobradamente moitas das esixencias do currículo, cunha mención moi especial ao ámbito da comprensión escrita.

PROFESORADO

O profesorado podería desenvolverse indistintamente en galego ou en castelán, aínda que habitualmente o fai maioritariamente en castelán, especialmente en contextos non formais. Parte do profesorado dos departamentos de Ciencias Naturais, Física e Química e Matemáticas encárgase das seccións bilingües existentes na ESO. Prevese que no curso 2023/2024 se abran novas seccións bilingües dos departamentos de Tecnoloxía e Filosofía.

Por outra banda, o centro participa en proxectos europeos, intercambios escolares e plans de formación do profesorado que promoven a aprendizaxe e o uso de diferentes linguas para podernos comunicar.

A ANPA E AS FAMILIAS

A ANPA utiliza frecuentemente como lingua vehicular a castelá. Canto ás familias, constatamos que, en contextos informais, o galego é a lingua habitual de parte da poboación de hábitat rural, pero esta porcentaxe descende considerablemente en contextos comunicativos máis formalizados (situación diglósica). Segundo o Mapa Sociolingüístico de Galicia "a familia está perdendo protagonismo na transmisión natural do galego", feito que se pode constatar tamén no noso centro.

PERSOAL NON DOCENTE

Os membros do persoal non docente utilizan o galego e o castelán, cambiando normalmente de lingua segundo o interlocutor.

EQUIPO DIRECTIVO

A lingua galega está presente tanto na documentación administrativa e nos comunicados

internos como nas comunicacións orais.

En resumo, o ambiente lingüístico do centro é desfavorable para a lingua galega. Isto é o que pode explicar, en grande medida, que o alumnado galego falante tenda a cambiar de lingua e o castelán falante non sinta o estímulo necesario para aprender e empregar a lingua galega.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS XERAIS

O contexto legislativo, especialmente o derivado do Decreto 79/2010, establece para a promoción da lingua galega no ensino un obxectivo-marco definido como a adquisición da competencia comunicativa plena en lingua galega, sen ter en conta a situación de partida do alumnado, é dicir, sen ter en conta a súa lingua inicial ou habitual, e dentro dun equilibrio de uso das linguas oficiais na formación educativa. Este obxectivo, malia ter a mesma formulación para todo o alumnado, concrétase de xeito moi distinto nos galego falantes e nos castelán falantes. E isto implica que hai que garantir distintos obxectivos finais, segundo sexa o punto de partida:

- Que o alumnado que ten como lingua habitual o galego, unha minoría, poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten como lingua habitual o castelán, a grande maioría, adquira plena competencia en galego de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.

OBXECTIVOS CONCRETOS

Despois da caracterización sociolingüística de toda a comunidade educativa, e fundamentalmente do noso alumnado, porque en definitiva é o destinatario do PLC, debemos formular os obxectivos concretos para lograr unha competencia plena na lingua galega. Somos sabedores que as deficiencias na competencia comunicativa en lingua galega non se limitan ao dominio das catro destrezas básicas (ler, escribir, escoitar e falar). Non é só unha cuestión no coñecemento do sistema lingüístico do galego, senón que tamén é unha cuestión de actitudes lingüísticas e de ampliación de usos e contextos comunicativos. En resumo, os obxectivos concretos teñen que incidir fundamentalmente sobre o aumento de usos e a modificación de actitudes lingüísticas, pois a consideración social da lingua é un factor decisivo para acadar os resultados desexados, xa que inflúen de forma directa na motivación.

Como a diagnose do centro se fixo por sectores, tamén os obxectivos se formulan atendendo a este criterio.

ALUMNADO

- Potenciar a participación e colaboración do alumnado no Proxecto lingüístico de centro.
- Eliminar os prexuízos e estereotipos lingüísticos existentes na maioría do alumnado

(galego: rural, clases baixas, atraso/castelán: hábitat urbano, clases altas, modernidade).

- Construír espazos de usos nos que se dea unha imaxe do galego como unha lingua útil e moderna.

PROFESORADO

- Impulsar a docencia en lingua galega dun xeito voluntario. Establecer as materias que se van impartir en lingua galega de acordo a criterios tales como a voluntariedade, a existencia de material suficiente, adecuado e de calidade en lingua galega, para que esta docencia sexa máis proveitosa.
- Sensibilizar o profesorado para que utilice a lingua galega en contextos menos formais (fóra da aula) de cara a conseguir a competencia lingüística plena do alumnado, pois é fundamental o papel do profesorado como modelo lingüístico de prestixio para o galego.
- Ampliar as funcións sociais e os espazos de uso do galego, en contextos formais e non formais.
- Contribuír á normalización lingüística do contorno.
- Fomentar a integración do alumnado procedente de fóra de Galicia.
- Fomentar o uso do galego nas Tecnoloxías da Información e Comunicación, recompilando tamén material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas...
- Implicar o profesorado nas actividades derivadas da planificación lingüística: diagnóstico da situación sociolingüística, análise e valoración do PLC, seguimento do mesmo, formulación das liñas de actuación...
- Integrar dentro da avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado o seguimento referido á competencia en lingua galega. A avaliación pretende mellorar a eficacia dos procesos de ensinanza que inciden na mellora da competencia lingüística.
- Reflectir en documentos escritos estes procesos de seguimento do Proxecto e da mellora da competencia, e de todos aqueloutros ítems que se consideren importantes para a eficacia desta planificación lingüística.
- Elaborar un protocolo de autoavaliación e seguimento do Proxecto lingüístico de centro. É moi importante unha avaliación continua para poder reformular as medidas propostas para acadar o obxectivo programado.

A ANPA E AS FAMILIAS

- Concienciar as familias da incidencia que a competencia comunicativa ten sobre o rendemento académico e o crecemento persoal e social do individuo.
- Achegar ás familias este Proxecto lingüístico plurilingüe para conseguir a súa participación e implicación.
- Sensibilizar as familias sobre os beneficios do plurilingüismo.

- Concienciar as familias da vantaxe de ter dúas linguas na súa comunidade e da importancia de pertencer á área lingüística galego-portuguesa.
- Concienciar as familias galego falantes do papel fundamental que xogan na mellora da competencia da lingua galega e da repercusión que poden ter no mantemento do galego.

PERSOAL NON DOCENTE

- Potenciar a intervención do persoal non docente na planificación lingüística para comprometerlo na consolidación e mellora da competencia comunicativa en lingua galega.
- Fomentar o emprego do galego en todo o colectivo para dar cumprimento á lexislación vixente (Decreto 79/2010. Cap. II. Art. 3o. "Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñen coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente").

EQUIPO DIRECTIVO

- Potenciar a intervención do equipo directivo no Proxecto lingüístico de centro para comprometerlo na consolidación e mellora da competencia comunicativa plena en ambas as linguas oficiais.
- Asumir o papel activo e fundamental na posta en marcha, avaliación e revisión desta planificación lingüística. O seu papel é fundamental neste aspecto. Sen un equipo directivo consciente do seu papel como axente fundamental na planificación lingüística do centro, e sen un compromiso real coa promoción da lingua galega, é moi difícil acadar os resultados desexados.
- Incorporar e manter o uso do galego por parte de todo o equipo directivo dentro da súa función institucional con toda a comunidade educativa para incrementar o prestixio do galego.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Calquera estratexia para logramos unha igualdade de competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais choca coa lexislación actual que obriga a un equilibrio nas horas de docencia entre o galego e o castelán, nunha situación sociolingüística na que o primeiro está en clara inferioridade. Para compensar este desequilibrio de partida, consideramos que se debe favorecer o uso do galego en todos os actos académicos que queden fóra das horas de docencia directa (discriminación positiva).

Partindo disto, consideramos que os dous obstáculos básicos para a adquisición de competencia en galego son a falta do seu uso cotián e os prexuízos lingüísticos. Considerando

que unha elevada porcentaxe do alumnado entende o galego, mais non o usa, pensamos que será esencial inserir o idioma propio de Galicia especialmente nos ámbitos informais. Ademais cómpre centrar os nosos esforzos na modificación de actitudes negativas para a lingua galega.

ALUMNADO

- Fomento de actividades que estimulen o uso activo da lingua (fundamentalmente a oralidade).
- Realización de actividades de sensibilización e modificación de actitudes lingüísticas dirixidas a eliminar prexuízos sobre as linguas, e acadar un maior prestixio e consideración o galego naqueles casos que sexa preciso.
- Extensión de usos e funcións sociais, levando o galego a espazos útiles e modernos.
- Edición das publicacións do centro en lingua galega.
- Fomento, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, do uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Organización de visitas de carácter didáctico que lle permitan ao alumnado coñecer a presenza da lingua galega en Galicia, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.
- Formación de grupos de teatro, musicais, clubs de lectura..., que desenvolvan a súa actividade en galego.
- Realización de actividades intercentros destinadas a promover o uso da lingua galega.
- Organización de charlas e encontros con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión, con vistas a prestixiar a lingua.
- Elaboración dun plano de acollida para o alumnado de nova incorporación non galego falante.

PROFESORADO

- Contactos cos colexios de primaria adscritos ao centro a través dos departamentos de Orientación e Dinamización Lingüística para un seguimento conxunto dos respectivos Proxectos lingüísticos.
- Contribución á dinamización lingüística do contorno. Contactos con outros centros, asociacións..., do concello e arredores para participar en actividades comúns e intercambiar experiencias para acadar un enriquecemento mutuo.
- Elaboración dun protocolo de Avaliación do Proxecto lingüístico de centro.
- Elaboración de documentos que motiven a reflexión sobre os logros acadados na competencia do alumnado en lingua galega.
- Realización de actividades que estimulen o emprego activo do galego dentro do marco da actuación docente.
- Creación dun clima favorable na aula, e fóra dela, para conseguir unha participación do

alumnado en lingua galega.

- Organización de actividades, xornadas, cursos, grupos de traballo..., que formen e repercutan sobre o PLC (sensibilización, estratexias didácticas, medidas, postas en común, proxectos comúns, material didáctico en lingua galega...)
- Oferta de asesoramento lingüístico a través do EDLG.
- Información e recompilación de recursos pedagóxicos que incidan na promoción do galego (correctores, tradutores, ferramentas informáticas...) que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- Aproveitamento dos coñecementos de galego que posúe o alumnado para as dinámicas didácticas de gramática comparada que se empreguen nas aulas de calquera das linguas do centro.

A ANPA E AS FAMILIAS

- Realización de actividades de sensibilización das familias sobre os beneficios do plurilingüismo, da vantaxe de pertencer a unha comunidade bilingüe e das posibilidades de comunicación que o galego ofrece co mundo lusófono.
- Participación das familias nas actividades dinamizadoras que se organicen no centro.
- Información ás familias do alumnado procedentes doutras comunidades ou do estranxeiro do Proxecto lingüístico de centro.

PERSOAL NON DOCENTE

- Sensibilización do persoal non docente sobre a importancia da atención ao público en galego.
- Oferta de asesoramento lingüístico a través do EDLG.

EQUIPO DIRECTIVO

- Uso oral do galego por parte de todo o equipo directivo dentro da súa función institucional con todos os integrantes da comunidade educativa.
- Participación activa na elaboración dun protocolo de seguimento e valoración do Proxecto lingüístico de centro anual.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

Para garantir que as materias en galego e en castelán se distribúan de maneira equilibrada, tal e como establece o Decreto 79 / 2010, no IES David Buján determinamos as linguas en que deben impartirse as materias do seguinte xeito:

ESO

1º ESO

Número de horas do curso: 32-5 [3 (Inglés) + 2 (SLE)] = **27 > 13/14 en cada lingua**

Castelán: L. Castelá (3) + Matemáticas (5) + Tecnoloxía (3) + Educación Física (2) = **13 h.**

Galego: L. Galega (4) + Historia (3) + Bioloxía (3) + Educación Plástica (2) + Titoría (1) + Relixión / P. Competencial (1) = **14 h.**

2º ESO

Número de horas do curso: 32 – 5 [3 (Inglés) + 2 (SLE)] = **27 > 13/14 en cada lingua**

Castelán: L. Castelá (4) + Matemáticas (4) + Física (3) + Tecnoloxía (3) = **14 h.**

Galego: L. Galega (3) + Historia (3) + Educación Física (3) + Música (2) + Titoría (1) + Relixión / P. Competencial (1) = **13 h.**

3º ESO

Número de horas do curso obrigatorias: 32-6 [3 (Inglés) + 3 (mat. optativa)] = **26 > 13 en cada lingua**

Castelán: L. Castelá (3) + Matemáticas (4) + Física (2) + Música (2) + Valores éticos (1) + Titoría (1) = **13 h.**

Galego: L. Galega (3) + Historia (3) + Bioloxía (2) + Educación Plástica (2) + Educación Física (2) + Relixión / Proxecto Competencial (1) = **13 h.**

* Materias optativas: Cultura Clásica (galego) / Educación Dixital (galego) / Oratoria (castelán)/ **

4º ESO

Número de horas do curso obrigatorias: 32 - 15 [3 (Inglés)+ 12 (Mat. de opción/ Mat. Optativas)]*** = **17**

1. Materias comúns :17 h. > 8/9 en cada lingua

Castelán: L. Castelá (3) + Matemáticas (4) + Educación Física (2) = **9 h**

Galego: L. Galega (3) + Historia (3) + Titoría (1) + Relixión/ Proxecto Competencial (1) = **8 h**

2. Materias de modalidade: (7 materias ➔ 4/3 en cada lingua)

Resumindo:

Castelán: Física e Química, Tecnoloxía, Música

Galego: Bioloxía e Xeoloxía, Economía, Latín, Expresión Artística

3. Materias optativas (6 materias) ➔ 3 en cada lingua**

Galego: Dixitalización, Cultura Clásica, Fopp (nova)

Castelán: Oratoria, Filosofía, Intelixencia Artificial (nova)

(**) Non se inclúe a Segunda Lingua Estranxeira por desenvolverse na lingua de aprendizaxe.

(***) Incluímos as Matemáticas porque todo o alumnado ten unha opción ou outra (e xa ten lingua asignada).

BACHARELATO

1º BACH.

Número de horas do curso obrigatorias: 32 -20 (3 (Inglés)+ 17 (Mat. obrigatorias de modalidade, propias de modalidade e optativas)) = **12**

1. Materias comúns: 12 h. ➤ 6 en cada lingua

Castelán: L. Castelá (3) + Educación Física (3h) = **6 horas**

Galego: L. Galega (3) + Filosofía (3h) = **6 horas**

2. Materias de modalidade:

	Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais
Obrigatoria de modalidade	Matemáticas II (castelán)	Latín I (castelán) Matemáticas Aplic. ás CCSS I (castelán)
Propias de modalidade 1	Física e Química (galego)	Matemáticas Aplic. ás CCSS I (castelán) Historia do Mundo C. (galego) Literatura Universal (galego)
Propias de modalidade 2	Bioloxía e Xeo (galego) Debuxo Técnico I (castelán) Tecnoloxía e Enxeñaría (galego)	Economía (galego) Grego I (castelán) Historia do Mundo C. (galego)
Optativas	Anatomía Apl. (castelán) Antropoloxía (galego) Cultura Científica (galego) Debuxo Artístico I (castelán) Debuxo Técnico I (galego) Linguaxe e Práctica Musical (castelán) Tecnoloxías Intelixentes (nova: castelán) TIC I (galego) Lit. Galega do Século XX e Actualidade ** 2ª Lingua Estranxeira**	
Relixión/ Libre disposición centro	Relixión (castelán) Afondamentos (segundo a lingua da materia de referencia)	

2º BACH.

Número de horas do curso obrigatorias: 32 -20 [3 (Inglés)+ 17 (Mat. obrigatorias de modalidade, propias de modalidade e optativas)] = 12

1. Materias comúns: 12 h. ➤ 6 en cada lingua

Castelán: L. Castelá (3) + Historia da Filosofía (3h) = **6 horas**

Galego: L. Galega (3) + Historia de España (3h) = **6 horas**

2. Materias de modalidade e optativas:

	Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais
Obrigatoria da modalidade	Matemáticas II (castelán) Matemáticas Aplic. ás CCSS II (castelán)	Latín II (castelán) Matemáticas Aplic. ás CCSS II (castelán)
Propias da modalidade	Bioloxía (galego) Debuxo Técnico II (castelán) Física (galego) Química (galego) Tecnoloxía e Enxeñaría II (galego) Xeoloxía e Ciencias Ambientais (galego)	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio (galego) Grego II (castelán) Historia da Arte (galego) Xeografía (galego)
Optativas	Debuxo Artístico II (castelán) Historia da Música e da Danza (castelán) Métodos Estatísticos e Numéricos (galego) Psicoloxía (castelán) TIC II (galego) Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia (nova) (galego) 2º Lingua Estranxeira **	
Relixión/ Libre disposición centro	Relixión (galego) Afondamentos (segundo a lingua da materia de referencia)	

(**) Materia lingüística

6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E NO BACHARELATO

Sempre que sexa posible desde o punto de vista organizativo, o centro adoptará as medidas que procedan de entre as seguintes, para lograr que o alumnado que presente carencias no dominio das linguas oficiais por diversas razóns: país de orixe, situación social e/ou deficiencias cognitivas, acaden o maior grao de aproveitamento escolar posible:

- Avaliar inicialmente, en coordinación co departamento de Orientación, o nivel académico e o rendemento daquel alumnado que presente dificultades ou que potencialmente as poida presentar, identificando se estas se deben a deficiencias no dominio das linguas en que se desenvolve a aprendizaxe e establecendo a competencia real que posúe en cada unha delas.
- Aplicar as medidas de reforzo educativo contempladas no apartado de Atención á Diversidade recollidas nas programacións didácticas dos departamentos. No caso de que estas medidas resultasen insuficientes para acadar a competencia lingüística adecuada ao nivel educativo do alumnado afectado elaboraranse adaptacións curriculares individualizadas (ACI) dirixidas polo departamento de Orientación.
- Programar no horario lectivo horas de atención ao alumnado coa materia pendente e ofertar unha atención diferenciada por niveis fóra do horario lectivo. Esta oferta poderá facerse extensiva ao alumnado que necesite reforzo.
- Autorizar exencións na materia de lingua galega nos cursos e supostos que contempla a normativa vixente para traballar noutros programas de apoio.
- Autorizar exencións da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos de ESO, para traballar na mellora da súas competencias nas linguas oficiais.

7. PROCEDEMENTOS PARA ASEGURAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS PARA O ALUMNADO DA ESA

- Dividir o ámbito da comunicación distribuíndo as seis horas lectivas equitativamente entre as dúas linguas oficiais e o idioma estranxeiro.
- Distribuír a lingua na que se imparten o resto dos ámbitos de xeito que a carga lectiva en cada unha das dúas linguas oficiais sexa similar.
- Sempre que a organización e os recursos do centro o permitan, establecer os mecanismos de repaso e recuperación de bloques, ámbitos e módulos que marca a normativa anual da Consellería para as ensinanzas de persoas adultas.

8. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA A COMPETENCIA DE FORMA ORAL E ESCRITA NAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

Estratexias de comunicación

Estas estratexias permiten ao alumnado manter a comunicación en lugar de abandonala ante as dificultades imprevistas. Entre estas, haberá que favorecer a procura de procedementos alternativos que lle permitan ao falante conseguir o seu propósito comunicativo: parafrasear, explicar mediante exemplos, usar un termo inventado que se considere comprensible polo receptor, etc.

As propostas didácticas aplicadas nos distintos departamentos -especialmente nos departamentos da área lingüística- recollen actividades que favorecen o traballo comunicativo:

- Aprender a traballar cos datos contextuais.
- Saber recorrer a claves extralingüísticas.
- Pedir aclaracións ao interlocutor para asegurarse da correcta comprensión das mensaxes.
- Traballar na diversidade dos rexistros comunicativos e na súa adecuación ás distintas situacións, de forma oral e escrita.
- Debater sobre temas académicos ou de actualidade.

Estratexias cognitivas

Estas estratexias procuran que o alumnado aprenda a traballar, a procesar a información, coa finalidade de que capte o seu senso, poida recordalo e sexa capaz de elaborar novos textos.

As propostas didácticas aplicadas nos distintos departamentos recollen actividades para favorecer este traballo cognitivo:

- Explorar un texto. Ollar o material adxudicado para formarse un marco mental ou esquema.
- Acceder ao coñecemento previo. Lembrar o que se sabe sobre o contido como complemento á exploración previa.
- Extraer as ideas do texto e contrastalas coas ideas propias.
- Elaborar novos textos que apoiem ou refuten as ideas contidas.

Estratexias metacognitivas

Estas estratexias están orientadas a saber en que consiste aprender, saber como se aprenderá mellor e saber como é un mesmo, as súas emocións, os seus sentimentos, as súas actitudes e as súas aptitudes.

Algunhas das iniciativas didácticas propostas polos distintos departamentos e orientadas a traballar con estas estratexias son:

- Deterse a recoñecer o obxectivo e a finalidade dun exercicio ou tarefa que se vaia realizar (distinguindo, por exemplo, entre un que serve para o enriquecemento do vocabulario mediante a lectura dun texto e outro que serve para o perfeccionamento da comprensión lectora).
- A autoavaliación dunha actividade xa realizada.
- A procura de ocasións de práctica para consolidar o aprendido na clase.

Estratexias socioafectivas

Son todas aquelas decisións que o alumnado toma e aquelas formas de comportamento que adopta coa finalidade de reforzar a influencia favorable dos factores persoais e sociais na aprendizaxe.

A importancia destas estratexias radica no feito de que a aprendizaxe se desenvolve non só a partir de procesos cognitivos, senón que entre estes e as emocións, actitudes, etc. do alumnado se establecen fortes vínculos de interdependencia. Pola outra parte, na súa vertente social, mediante estas estratexias increméntase o contacto do alumnado coa lingua e poténcianse os seus efectos positivos na aprendizaxe.

Entre as actividades propostas nos distintos departamentos na procura do desenvolvemento desta estratexia destacan:

- Realizar actividades de diverso tipo para superar inhibicións e bloqueos no uso oral da lingua.
- Interactuar con alumnos falantes doutras linguas para valorar os efectos positivos da pluralidade lingüística.
- Desenvolver actitudes positivas ante as diferentes convencións sociais entre a cultura propia e da outra lingua.